

A REVISTA ARRAIANOS PRESENTASE EN OURENSE ANTE UN AUDITORIO DUN CENTO DE PERSOAS



De esquerda a dereita: Castro, Sineiro, Cid, Álvarez, Alvarellos e Rodríguez Cid

- A Cidade das Burgas acolleu un acto multimedia que contou coa proxección do documental de Rafael Cid “Queda alguén aí?” (TVE) e unha mesa redonda sobre o futuro do medio rural.
- O número VII de *Arraianos*, editado e comercializado por Alvarellos Editora, está xa á venda en librarías, quioscos especializados e na tenda *on line* da editorial. Trátase dun especial de 158 páxinas, maquetado a toda cor, con amplo despregue gráfico e máis de corenta colaboradores.

O sábado día 2 de febreiro presentouse na cidade de Ourense, nun acto multimedia que tivo lugar no Salón Nobre do Liceo, e ante preto dun cento de persoas, o novo número e nova etapa da revista *Arraianos*. Proxectouse tamén o documental de TVE “Queda alguén aí”, dirixido por Rafael Cid. Unha mesa redonda sobre o futuro do rural galego completou a concurrida presentación.



alvarelos

EDITORA

Participaron no acto o director da revista Aser Álvarez, o editor Henrique Alvarelos, o director do documental de TVG Rafael Cid, e na mesa redonda: Roberto Castro, portavoz de medio rural do Grupo Popular; Francisco Sineiro, profesor de Economía Agraria na Universidade de Santiago, e Xosé Rodríguez Cid, delegado en Ourense da Consellería de Medio Rural.

A incorporación de destacados colaboradores, un novo deseño a toda cor e novas e máis amplas seccións, marcan a nova xeira da revista *Arraianos*, unha publicación de referencia promovida pola Asociación Arraianos e dirixida polo xornalista Aser Álvarez. Dende o número VII, correspondente a este primeiro semestre de 2008, pasa a ser publicada e comercializada por Alvarelos Editora.

Desde comezos de xaneiro xa está á venda en librerías, quioscos especializados e tamén a través da tenda *on line* da editorial (www.alvarelos.info).



O público que asistiu á presentación no Salón Nobre do Liceo ourensán



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarelos.info
Tel: 609 90 88 52